

NOTA DE PRENSA

O conselleiro de Economía, Francisco Conde, presenta a marca “Auga de Galicia”, que contribuirá a diferenciar e darlle valor á orixe galega e ás virtudes da composición e calidade das nosas augas minerais e termais

Un vídeo, no que se destaca que en Galicia “a auga é industria, riqueza, emprego e alimento”, promocionará as augas galegas dentro e fóra da comunidade

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2018 (Vía Láctea Comunicación).- O balneario Termas de Cuntis acolleu esta mañá a presentación da marca “Auga de Galicia”. É unha iniciativa do Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia, que aglutina ás dúas asociacións empresariais galegas vencelladas á explotación do recurso: a Asociación de Balnearios de Galicia e a Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural (Agamin). A marca conta ademais co apoio da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O acto de presentación da marca estivo presidido polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria, **Francisco Conde**; acompañado do director xeral de Enerxía e Minas, **Ángel Bernardo Tahoces**. Participaron tamén **Álvaro García de Quevedo**, vicepresidente do Clúster; **Marisol Espiño**, presidenta da Asociación de Balnearios de Galicia e directora de Termas de Cuntis; **Benigno Amor**, xerente do Clúster e **José Manuel García**, vicepresidente de Agamin.

Dende o Clúster púxose de manifesto a importancia de contar cunha marca que aglutine e visibilice ás empresas de auga mineral e termal da comunidade. “Contribuirá a diferenciar e darlle valor á orixe galega e ás virtudes da composición e calidade das nosas augas minerais e termais, favorecendo ademais a súa promoción exterior”. Nesta liña, presentouse un vídeo promocional da marca “Auga de Galicia”, no que se salienta que en Galicia “a auga é industria, riqueza, emprego e alimento. Augas mineromedicinais cheas de vida e saúde”. E resaltouse que “a marca *Auga de Galicia* supón unha garantía e dá seguridade ao consumidor en relación á orixe galega das augas que consume, xa sexa en bebida ou en baño”.

O conselleiro declarou que “hai que apoiar **un sector que xera 1.400 empregos na súa totalidade en Galicia** e nestes momentos é unha referencia de calidade e prestixio. E a marca *Auga de Galicia* vai permitir incrementar o seu posicionamento dende o punto de vista dos mercados, tanto a nivel nacional como internacional. Esta dobre dimensión das augas, minerais e termais, a través da innovación e da internacionalización, posibilitará que o noso sector siga crescendo en empregos e facturación”.

Galicia conta co 15% dos mananciais que hai en España, o 10% das plantas de envasado de auga mineral natural e o 19% dos balnearios

Galicia é unha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais e, en consecuencia, con maior tradición no seu uso como augas de bebida envasada e en balnearios. Este feito, unido á repercusión social e económica que nas últimas décadas están a ter as augas minerais e termais posibilitan que Galicia sexa considerada como a “Terra da Auga”.

O número de mananciais existentes en Galicia é superior a 300 (algo máis de 2.000 en España), o que deu lugar a unha industria moi activa vencellada á explotación de augas minerais, con 10 plantas de envasado de auga mineral natural (100 en España) e 22 balnearios (115 en España). Unha particularidade destas industrias é que están a crear riqueza en zonas do interior de Galicia (na súa maior parte zonas rurais con tendencias similares: despoboación, baixa renda per cápita e presenza dunha estrutura produtiva con predominio do sector primario); xa que, polas características do recurso, non poden deslocalizarse e deben instalarse nos mesmos lugares de captación do acuífero.

Unha aplicación para smartphones que permite localizar os perímetros de protección dos acuíferos de augas minerais que existen en Galicia

Ademais da presentación da marca “Auga de Galicia”, no transcurso do acto deuse a coñecer a nova páxina web do Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia, xunto ás melloras na súa aplicación para teléfonos móbiles; resultado dun convenio asinado en 2017 entre o Clúster e a Consellería de Economía. No caso da web, incorporouse un novo aplicativo para a visualización de ortofotos aéreas e modelos en 3D realizados con drones, o que posibilita realizar comparativas entre fotografías aéreas de distintas épocas e facer visualizacións e diferentes tipos de consultas.

Pola súa parte, a aplicación renovada para smartphones “Auga de Galicia” está destinada á valoración e protección dos acuíferos das augas minerais de Galicia. Permite xeolocalizar os perímetros de protección dos diferentes acuíferos de augas minerais que existen en Galicia, de grande interese para planificadores do territorio e para as Administracións Públicas. Así mesmo, permite recibir información diversa sobre os titulares da concesión do acuífero, obter indicacións de como chegar aos mesmos...

Con esta proposta búscase “sensibilizar ás Administracións Públicas, ao sector empresarial, aos planificadores urbanísticos e á sociedade en xeral sobre a importancia de protexer os acuíferos de augas minerais e a contorna natural na que se sitúan as plantas envasadoras e os establecementos balnearios” -declarou o vicepresidente do Clúster-.

No transcurso do acto incidíuse no feito de que “esta iniciativa ten un gran potencial para difundir unha imaxe exterior da industria galega comprometida co desenvolvemento sostible, por canto balnearios e empresas de envasado de auga mineral natural están ofrecendo á sociedade un modelo de empresa sostible: axudan a mellorar a calidade de vida dos seus usuarios, non comprometen o futuro do recurso e dinamizan social e economicamente as comarcas nas que se atopan. Este é o modelo vixente na actualidade en Europa e co que están aliñadas as empresas do Clúster”.

Unha experiencia única en Europa que aglutina balnearios e augas envasadas de toda Galicia

O Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia constituíuse en 2011 impulsado por diversas asociacións e a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Xunta de Galicia. É unha experiencia única en Europa, xa que non existe ningunha que aglutine os balnearios e as empresas de augas envasadas.

Forman parte da **Asociación de Balnearios de Galicia** 19 establecementos termais. Na provincia da Coruña atópanse o de Carballo e o de Compostela (Brión). En Lugo Guitiriz, Augas Santas (Pantón) e Termas Romanas de Lugo. En Ourense están os de Arnoia, Baños de Molgas, Lais (Cenlle), Lobios, O Carballiño e Caldas de Partovia (os dous no Carballiño). E en Pontevedra sitúanse os de Acuña e Dávila (os dous en Caldas de Reis), Termas de Cuntis, Baños da Brea (Vila de Cruces), Caldelas de Tui, Isla de La Toja, Gran Hotel La Toja e Mondariz.

Pola súa parte, **Agamin** conta con seis empresas asociadas: Fontecelta e Aguas de Cospeito (Fontoira), na provincia de Lugo; Aguas de Cabreiroá e Sousas, na provincia de Ourense; e Agua Sana e San Xínés na de Pontevedra.

Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia
PRENSA_ 981 554 407 / 639 768 929 www.vialactea.es
www.augadegalicia.com